



Concello A Guarda

ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL EN DATA 26 DE DECEMBRO DE 2017.-

Na Casa do Concello da Guarda, sendo as dez horas e trinta minutos do día vinte e seis de decembro de dous mil dezasete, tivo lugar a sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local, que, convocada e presidida polo Sr. Alcalde D. Antonio Lomba Baz, contou coa asistencia dos seguintes concelleiros membros deste órgano:

- D. Miguel A. Español Otero
- D^a. Montserrat Magallanes Alvarez
- D^a. Teresa Vicente Baz
- D. Paulino Rodríguez Gonzalez

Asiste como Secretario o funcionario Secretario Acctal. José Carlos Martínez Crespo.

Sendo a hora sinalada, o Sr. Presidente pasa a dar conta dos asuntos que conforman a orde do día, que de seguido se relacionan:

PUNTO 1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DAS SESIÓNS ANTERIORES DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL (SESIÓN ORDINARIA DE 12.12.2017, SESIÓN EXTRAORDINARIA URXENTE DE 18.12.2017 E SESIÓN EXTRARORDINARIA URXENTE DE 20.12.2017).

O Sr. Presidente pregúntalle ós concelleiros se teñen algunha observación que facer ás actas correspondentes ás sesións celebradas os pasados días 12, 18 e 20 de decembro de 2017 ó que responden negativamente os concelleiros presentes en cada unha delas, polo que as referidas actas foron aprobadas pola unanimidade dos seus membros presentes.

PUNTO 2.- EXPEDIENTE 2670/2017. DAR CONTA DA SENTENZA DO TSXG SOBRE A RECLAMACIÓN XUDICIAL POLA ANULACIÓN DA LICENZA A UNIFAMILIARES DE BOUZAS

Dase conta da comunicación do Asesor Xurídico do Concello da sentenza ditada o 7 de decembro de 2017 pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG nos autos do recurso contencioso-administrativo nº 7085/14 entablado pola Entidade Mercantil UNIFAMILIARES DE BOUZAS, S.L. contra a resolución desestimatoria presunta do Concello de A Guarda e da Xunta de Galicia da reclamación de responsabilidade patrimonial presentada pola demandante, así como contra a resolución expresa do Alcalde de A Guarda de 26-8-2015 desestimatoria da mesma reclamación cifrada na suma de 1.142.839,98 € máis intereses, derivados da anulación de dúas licenzas de obras concedidas o 27-12-2006.

A Xunta de Goberno dase por enterada do contido da sentenza e acorda dar traslado da mesma ós departamentos de Intervención e urbanismo ós efectos oportunos.

PUNTO 3.- EXPEDIENTE 1819/2017. DAR CONTA DO AUTO DICTADO POLO XUZGADO DO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO N.º 1 DE PONTEVEDRA NA PEZA DE EXECUCIÓN DE SENTENZA N.º 32/2008 SOBRE A IMPROCEDENCIA DA DEMOLICIÓN ATA QUE SE PRODUCIRA A INDEMNIZACIÓN

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello no que comunica o auto ditado polo Xuzgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Pontevedra o 29-11-2017 na peza de execución de sentenzia n.º 32/2008 dimanante do recurso contencioso-administrativo nº 299/02 entablado pola Xunta de Galicia contra o Decreto 258/02 do Alcalde de A Guarda e contra o acordo da Comisión de Goberno de A Guarda polo que se concedeu licenzia de obras para unha vivenda unifamiliar a D. DOMINGO CIVIDANES FRANCO.



Concello A Guarda

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e aacorda dar traslado ó departamento de Urbanismo para a súa constancia no expediente e á Alcaldía propoñendolle que acorde entablar recurso de apelación ante o TSXG.

PUNTO 4.- EXPEDIENTE 1103/2017.DAR CONTA DA SENTENCIA DITADA POLA SALA DO SOCIAL DO TRIBUNAL SUPERIOR DE XUSTICIA DE GALICIA NO RECURSO DE SUPPLICACIÓN N.º 1907/17 ENTABLADO POR D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA CONTRA A SENTENCIA DITADA POLO XULGADO DO SOCIAL Nº 2 DE VIGO SOBRE RECOÑECIMENTO DE DEREITOS E RECLAMACIÓN DE CANTIDADES

Dase conta do escrito do Asesor Xurídico do Concello no que comunica a sentenza ditada pola Sala do Social do TSXG de data 14-11-2017 no recurso de suplicación n.º 1907/17 entablado por D. JESUS DE NAZARET ROCHA PASTORIZA contra a sentenza ditada polo Xulgado do Social nº 2 de Vigo o 28 de febreiro de 2017 nos autos nº 855/2016 entablados polo recurrente sobre recoñecemento de dereitos e reclamación de cantidades.

A Xunta de Goberno Local dase por enterada do contido da sentenza e formula recordatorio da sentenza de primeira instancia que recoñecera o derecho do demandante á compensación como horas extraordinarias as que se realicen por enriba da xornada que realice o resto do persoal tendo en conta a redución de xornada en cómputo anual que para o outro persoal supón a redución por causa da xornada no verán

PUNTO 5.- EXPEDIENTE 747/2017. PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA A DOMICILIO

SOLEDAD RODRÍGUEZ CRESPO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNTARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar e á vista da documentación obrante no mesmo, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Con data 28 abril del 2017, Dna. D.A.G. e J.V.G. presentou unha solicitude para a prestación do Servizo de axuda no fogar.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda acerca da valoración da situación de necesidade do/a solicitante.

Lexislación aplicable:

Ordenanza municipal do servizo de axuda no fogar do concello de A Guarda publicada o 24 de abril de 2014.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a D.A.G. e J.V.G con cargo a libre concurrencia.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita



Concello A Guarda

PUNTO 6.- EXPEDIENTE 57/2017. PRESTACIÓN DE AXUDA NO FOGAR CON CARGO A DEPENDENCIA.

TERESA GONZÁLEZ ALONSO, TRABALLADORA SOCIAL DOS SERVIZOS SOCIAIS COMUNITARIOS DO CONCELLO DE A GUARDA

Informa:

En relación ao expediente relativo á solicitude de prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia DEPENDENCIA, emito o seguinte informe-proposta de resolución

Antecedentes:

Primeiro: Na listaxe do PAR de SAF xerada o 13/12/2017 da Xunta de Galicia aparece M.^a I.L.R. en lista de agarda con un grado II e 60 puntos, correspondéndolle 23 horas mensuais como saf non intensivo.

Segundo: emítese informe social pola traballadora social dos servizos sociais comunitarios do concello de A Guarda asignándolle 23 horas mensuais.

Lexislación aplicable:

Decreto 15/2010, de 4 de febreiro, por el que se regula el procedimiento para el reconomicimiento de la situación de dependencia y del derecho a las prestaciones del sistema para la autonomía y atención a la dependencia, el procedimiento para la elaboración del Programa Individual de Atención y la organización y funcionamiento de los órganos técnicos competentes.

- Orden 2 de xaneiro de 2012 de desenvolvemento do Decreto 15/2010, do 4 de febreiro , polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e a atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes.

Informe- proposta de resolución:

Conceder a prestación do servizo de axuda no fogar a través de dependencia a M.^a I.L.R. con 23 horas mensuais.

ACORDO:

A Xunta de Goberno Local acorda, pola unanimidade dos seus membros presentes, aprobar a proposta nos termos en que quedou transcrita.

PUNTO 7.- ASUNTOS VARIOS

Dase conta do escrito RE 5028 de data 4 de outubro de 2017, presentado por NATALIA RODRÍGUEZ BARBOSA, con domicilio a efectos de notificación na rúa Avda. De Santo Domingo de Guzmán, n.º 3-4º J de A Guarda, solicitando autorización para colocar un cartel publicitario na esquina de Concepción Arenal e Praza de San Benito.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe da Policía Local, acorda acceder ó solicitado comunicándolle que debe poñerse en contacto con eles para fixar o lugar de colocación.

PUNTO 8.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRAS MENORES

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de obras menores:



Concello A Guarda

EXPEDIENTE: RC-4.238/2017.- D. JAVIER RODRÍGUEZ LOMBA, PARA PECHE FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 46,82 MTS. LINEAIS CONSISTENTE NA APERTURA DE GABIA DE 30X30 CMS., FUNDIÇÃO DE VIGA DE FORMIGÓN, COLOCACIÓN DE POSTES E BLOQUES DE CEMENTO FORRADOS CON TACOS DE SANTIAGO; E PECHE LATERAL DENDE A CARRETERA ATA O MURO NUNHA SUPERFICIE DE 7 M². REALIZADO CON BLOQUES RECHEOS DE FORMIGÓN; COLOCACIÓN DE REDE LATERAL E FRONTAL NUNHA LONXITUDE DE 52 MTS., NA FINCA SITA NO PASEO DE PORTUGAL, S/N. (PARCELA 632-POLÍGONO 37), EN SOLO NON URBANIZABLE DE NÚCLEO RURAL DE “O PASAXE” DA PARROQUIA DE CAMPOSANCOS (ORDENANZA N.º 9 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 1.904/2017.- D. JUAN CARLOS VICENTE GONZÁLEZ, PARA REFORMA DE BAÑOS DAS HABITACIÓNS N.º 301 E 305 DA PLANTA DE BAIXO CUBERTA DO HOTEL BRUSELAS SITO NA RÚA DE PONEVEDRA N.º 4, EN SOLO URBANO (ORDENANZA N.º 1 DO P.X.O.U.).

EXPEDIENTE: 2.283/2017.- I E J LIMA, S.L., PARA CAMBIO DE CUBRICIÓN DE CUBERTA NUNHA SUPERFICIE DE 588,73 M². CONSISTENTE NA RETIRADA DA TELLA CERÁMICA, PLANCHAS DE FORMIGÓN PREFABRICADO E CAEIRO EXISTENTE POR PLANCHAS DE FIBROCEMENTO, TELLA CURVA DO PAIS E INSTALACIÓN DUN NOVO CAEIRO DO CENTRO SOCIAL DO “CLUB DE TENIS CODESAL” SITO NA RÚA DE O PASAXE, S/N. (ORDENANZA DE EQUIPAMENTO DEPORTIVO DO P.X.O.U.).

PUNTO 9.- PRÓRROGA DE OBRAS

Lese o escrito RE 5.866 de data 22 de decembro de 2017, presentado por D^a. M.^a DOLORESS HERNÁNDEZ JIMÉNEZ, con enderezo na rúa Paseo del Muelle, n.º 12-5^ºB de Talavera de la Reina, solicitando prórroga de obras á licenza de obras 1/2015.

A Xunta de Goberno Local acorda concederlle unha prórroga de obras á licenza 1/20125 por 3 anos.

PUNTO 10.- OBRAS MAIORES

EXPTE. 11558/2017

Examinado o proxecto técnico presentado con data 20-07-2017 (R.E. n.º RC-4.177), por **D. JOSÉ IGLESIAS ACEVEDO** con D.N.I. n.º 34.886.316-P e con domicilio na rúa de Rocha n.º 11-1^º de A Guarda-C.P. 36789, para “REFORMADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (planta soto, planta baixa, planta primeira e planta de baixo cuberta) sita na rúa de Donantes de Sangre n.º 5-A (parcela A), en Solo Urbano (Ordenanza n.º 4 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo arquitecto D. Jorge González Herrero.

PRIMEIRO.

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 25-10-2017, considérase favorable, conforme a documentación técnica presentada con data de visado do 06.09.17.

1.2.- Para os efectos do establecido no artigo 357.4 do regulamento da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, a resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clase de solo: Solo Urbano Consolidado.



Concello A Guarda

- Finalidade da actuación: Construción de Vivenda Unifamiliar illada.
 - Altura: Planta baixa e planta primeira e baixo cuberta.
 - Sup. Construída total: 287,85 m².
 - Ocupación de parcela: 97,20 m².
 - Orzamento de Execución Material (incremento de superficie): 18.475,00 €.
 - Ref. Catastral: 36023A017102720000UX.
 - Inscripción no rexistro, non consta.
 - Promotor: José Iglesias Acevedo /Indalecio Iglesias Acevedo.
 - Técnico redactor: D. Jorge González Herrero.
 - Dirección das obras: D. Jorge González Herrero.
 - Dirección da execución das obras: D. Santiago Miranda Mouriño.
 - Coordinación de Seguridade e saúde nas obras: D^a. Mercedes Quintana Navío.
 - Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas:
- O prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.
- O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.
- Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.
- No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras para aprobación de proxecto reformado para a construción de vivenda unifamiliar sita na rúa de Donantes de Sangre nº. 5 (parcela A) a favor de D. José Iglesias Acevedo, impondo os condicionantes establecidos no informe técnico e o informe xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Debe consignar o texto da licenza todo-los extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. JOSÉ IGLESIAS ACEVEDO**, licenza para “REFORMADO DE VIVENDA UNIFAMILIAR” sita na rúa de Donantes de Sangre nº. 5-A (parcela A), de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non



Concello A Guarda

superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 1.563/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 21-07-2017 (R.E. nº. RC-4.184), por **D. JOSÉ ANTONIO VERDE GONZÁLEZ** con D.N.I. nº. 76.897.041-Z e con domicilio na rúa de Casas nº. 7 de A Guarda-C.P. 36789, para construción dunha “PISCINA” sita na rúa de Casas nº. 7, en Solo Non Urbanizable de Núcleo Rural de “Rosentes” da Parroquia de Salcidos (Ordenanza nº. 9 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico subscrito polo arquitecto técnico D. José Antonio Verde González.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico subscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 07-09-2017, considérase **favorable**.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico subscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellos, non observando na solicitude ningún inconvinte para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras a favor de D. José Antonio Verde González para obras de construción de piscina, no camiño de Casas, 07, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnico e xurídico, así como os xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os



Concello A Guarda

prazos de execución das obras, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados. Debe consignar o texto da licenza toda-los extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobouse o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. JOSÉ ANTONIO VERDE GONZÁLEZ**, licenza para construción dunha “PISCINA” sita na rúa de Casas nº. 7, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un período superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

EXPEDIENTE NÚMERO: 2.287/2017.

Examinado o proxecto técnico presentado con data 21-09-2017 (R.E. nº. RC-4.877), por **D. JOSÉ LUIS CASTRO GONZÁLEZ** con D.N.I. nº. 35.810.453-M e con domicilio na rúa de San Caetano nº. 14 de A Guarda-C.P. 36780, para “ADICIÓN DE BAIXO CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desenvolvida en (plana soto, planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta de



Concello A Guarda

baixo cuberta) sita na rúa de A Roda nº. 12, en Solo Urbano (Ordenanza nº. 1 do P.X.O.U.), segundo proxecto técnico suscrito polo arquitecto D. Ignacio Martínez Rodríguez.

PRIMEIRO.-

1.1.- Visto o informe técnico suscrito polo arquitecto municipal D. Antonio Hernández Crespo de data 07-09-2017, considérase **favorable**.

1.2.- Para os efectos do establecido no artigo 357.4 do regulamento la Ley 2/2016 de Solo de Galicia, a resolución mediante a cal se outorgue a licenza deberá consignar expresamente, ademais de calquera outra especificación requirida polas disposicións vixentes e o que o órgano competente considere oportuno incluír, os seguintes aspectos:

- Clase de solo: Solo Urbano Consolidado.
- Finalidade da actuación: Ampliación de Vivenda Unifamiliar entre medianeiras.
- Altura: Adición de baixo cuberta en edificio de planta soto, baixa, primeira e segunda.
- Sup. Construída total da ampliación : 44,02 m².
- Ocupación de parcela: 63,60 m².
- Orzamento de Execución Material (adición de planta baixo cuberta): 20.672,27 €.
- Ref. Catastral: 0688007NG1308N0004JT.
- Inscripción no rexistro, non consta.
- Promotor: D. José Luis Castro González.
- Técnico redactor: D. Ignacio Martínez Rodríguez.
- Dirección das obras: D. Ignacio Martínez Rodríguez..
- Dirección da execución das obras: Dna. Ana Matilde Martínez Martínez.
- Coordinación de Seguridade e saúde nas obras: Dna. Ana Matilde Martínez Martínez.
- Prazos para o inicio e remate das obras e posibilidade de solicitar prórrogas:

→ O prazo de iniciación non poderá exceder os seis meses e o de terminación os tres anos, desde a data do seu outorgamento, e non poderán interromperse as obras por tempo superior a seis meses.

→ O Concello poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza, logo da solicitude expresa, sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momento da concesión da prórroga.

→ Cada prórroga que se solicite non poderá ser por un prazo superior ao inicialmente acordado.

→ No suposto de edificacións iniciadas, a concesión da prórroga estará condicionada a que a edificación sexa rematada exteriormente.

SEGUNDO.-

2.1.- Conta co informe xurídico suscrito polo asesor D. Carlos Potel Alvarellas, non observando na solicitude ningún inconveniente para a súa concesión dende o punto de vista xurídico-procedimental, polo cal infórmase **favorablemente** e formulase ó órgano competente a seguinte PROPOSTA:

1º.- Concede-la licenza municipal de obras de adición de baixo cuberta en vivenda unifamiliar existente sita na rúa da Roda, n.º 12 a favor de D. JOSE LUIS CASTRO GONZÁLEZ, impondo os condicionantes establecidos nos informes técnicos e xurídico, así como os condicionados xerais establecidos na lexislación urbanística respecto os prazos de execución das obras, debendo consignar o texto da licenza todo-os extremos relacionados no artigo 357.4 do DECRETO 143/2016, de 22 de setembro, polo que aprobase o Regulamento da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia, extremos que se relacionan no informe técnico, e unha vez concedida deberán sellarse e dilixenciarse os distintos documentos e os planos do proxecto, con expresión dos recursos procedentes a entablar contra dito acto administrativo, o cal debe notificarse os interesados.



Concello A Guarda

2º.- Para a utilización da vivenda rehabilitada deberá solicitar licenza de primeira ocupación.

Con base en ditos antecedentes, a Xunta de Goberno Local **RESOLVE**:

CONCEDER, salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo do de terceiros, a **D. JOSÉ LUIS CASTRO GONZÁLEZ**, licenza para construción de “ADICIÓN DE BAIXO CUBERTA DE VIVENDA UNIFAMILIAR” desarrollada en (plana soto, planta baixa, planta primeira, planta segunda e planta de baixo cuberta) sita na rúa de A Roda nº. 12, de acordo co proxecto técnico presentado obrante no expediente de referencia, que deberá axustarse as condicións sinaladas nos informes técnicos e xurídico.

O prazo para iniciar as obras non poderá exceder de seis meses e o de terminación de tres anos, dende o día seguinte a data de notificación da licenza, non podendo interrompirse as obras por tempo superior a seis meses.

Se poderá conceder prórroga dos referidos prazos da licenza por unha soa vez e por un novo prazo non superior ó inicialmente acordado, logo da solicitude expresa formulada antes da conclusión dos prazos determinados e sempre que a licenza sexa conforme coa ordenación urbanística vixente no momeno de concesión da prórroga (art. 197.1 da LOUGA).

Será declarada a caducidade das licenzas, logo do procedemento instruído con audiencia do interesado, polo transcurso dos seguintes prazos (art. 197.1 da LOUGA):

- Cando non se tivesen iniciado as obras amparadas por esta licenza no prazo de seis (6) meses dende o día seguinte ao da notificación do seu outorgamento.
- Cando non se cumprise o prazo de terminación das obras de tres (3) anos dende o seu inicio.
- Cando a obra fose interrompida durante un periodo superior a seis (6) meses.
- Estes prazos poderán prorrogarse segundo o establecido no art. 197 da LOUGA.

TERCEIRO.- ADVERTENCIAS:

As obras teranse que realizar de conformidade co disposto nos artigos 2.5.12 (condicións das obras en relación coas vías públicas) e 2.5.14 (valado das obras) recollidos no vixente Plan Xeral de Ordenación Urbana.

Deberá de adoptar de xeito inmediato as medidas necesarias para garantir a seguridade das persoas, dos predios colindantes e da vía pública.

É requisito e indispensable en todas as obras dispor, ó pé de obra, de copia autorizada da licenza municipal e, nas maiores, a colocación do cartel indicador de 1,20 x 0,85 mts. no que se faga constar o nome e os apelidos dos técnicos directores e do contratista, ordenanza que se aplica, usos os que se vai a destina-la construción, o número de plantas autorizadas, o prazo de execución das obras, a data de outorgamento e número da licenza.

As obras autorizadas realizaranse por empresa de construción que posúa o correspondente documento de cualificación empresarial.

PUNTO 11.- COMUNICACIÓN PREVIA DE LICENZAS DE APERTURA

Dase conta á Xunta de Goberno Local das seguintes comunicacións previas de licenzas de apertura:

Exp. Nº 2547/2017 de data 10.11.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. DIANA GONZÁLEZ ÁLVAREZ, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Galicia, n.º 4-Atico de A Guarda, para inicio de actividade de OUTROS CAFÉS E



Concello A Guarda

BARES (Epig. 673.2) no local sito na rúa Cervantes, n.º 1-baixo, e visto o informe favorable de data 30 de novembro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. DIANA GONZÁLEZ ÁLVAREZ licencia municipal nº 29/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de OUTROS CAFÉS E BARES (Epig. 673.2) no local sito na rúa Cervantes, n.º 1-baixo da Guarda.

Exp. Nº 2313/2017 de data 18.10.2017.-

Vista a comunicación previa feita por D^a. MARÍA VICTORIA ROSALES FERNÁNDEZ, con enderezo a efectos de notificación en Rúa Concepción Arenal, n.º 44-Entlo, para ampliación da actividade de ENSINANZA (Epig. 933.9) no local sito na rúa Concepción Arenal, n.º 44-Enlo, e visto o informe favorable de data 13 de novembro de 2017 dos servizos técnicos municipais, a XUNTA DE GOBERNO LOCAL ACORDA:

Conceder a D^a. DALIA VICENTE CARRERA licencia municipal nº 28/2017 para a apertura dun local dedicado á actividade de COMERCIO MENOR DE ACCESORIOS E RECAMBIOS DE VEHÍCULOS (Epig. 654.2) no local sito na rúa Estrada de San Roque, n.º 41 da Guarda.

PUNTO 12.- DAR CONTA DAS COMUNICACIÓNS PREVIAS DE CAMBIO DE TITULARIDADE DE ACTIVIDADES.

A Xunta de Goberno Local da conta das seguintes comunicacións previas de cambio de titularidade de actividade:

EXPEDIENTE: 2.530/2017. MULTIMARCA BAIXOMIÑO, S.L. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DAS ACTIVIDADES DE REPARACIÓN DE AUTOMÓVILES E BICICLETAS [EPIG. 691.2] E COMERCIO MENOR DE VEHÍCULOS TERRESTRES [EPIG. 654.1] A REALIZAR NA PRAZA DE SAN ROQUE, N.º 12 QUE ANTES FIGURABA A NOME DE VASCONCELLOS, S.L.

EXPEDIENTE: 2.529/2017. VASVISA A GUARDA, S.L.. DE CAMBIO DE TITULARIDADE DA ACTIVIDADE DE OUTROS SERVIZOS AUXILIARES DE SEGUROS [EPIG. 832.9] A REALIZAR NA PRAZA DE SAN ROQUE, N.º 12 QUE ANTES FIGURABA A NOME DE VASCONCELLOS, S.L.

E non habendo máis asuntos que tratar o sr. Presidente levanta a sesión ás 11:20 minutos do día da data, da que eu, como secretario, dou fe.